

**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA**  
(cursos LOMCE)

**EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA**

**CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane**  
**Curso académico 2022-2023**

## Índice

<b>1.- Introducción e contextualización</b>	<b>3</b>
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias chave	3
3.- Concreción dos obxectivos de etapa e de ensinanza	6
4.- Organización curricular. Concreción dos estándares de aprendizaxe	8
5.- Concrecións metodolóxicas	16
6.- Materiais e recursos didácticos a utilizar	17
7.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación. Avaliación inicial	18
8.- Medidas de atención á diversidade	19
9.- Concreción dos elementos transversais	21
10.- Actividades complementarias programadas	21
<b>11.-Avaliación da programación e da práctica docente</b>	<b>22</b>

## **1.- Introducción e contextualización**

A sociedade actual está chea de información en forma visual e musical e gran parte da vida cotiá xira ao redor desas formas de comunicación. Por ese motivo é tan necesaria unha educación artística, xa que é preciso desenvolver capacidades de pensamento crítico para analizar e integrar esa información.

Porén, a educación artística vai máis alá, pois tamén posibilita o desenvolvemento da percepción, da creatividade, da imaxinación, da autonomía, da sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa... á par que se traballan habilidades motrices. Todo isto acompañado dun importante compoñente cultural.

Máis concretamente, con respecto á educación musical, recálcase a súa importancia nas primeiras etapas da educación xeral do individuo, pois é un elemento esencial no desenvolvemento integral dos nenos e nenas, xa que promove os tres ámbitos do desenvolvemento: o psicomotor, o cognitivo e o afectivo-social.

No que respecta ao marco legal no que se basa a presente programación, o documento para a elaboración foi a *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)*, xunto co *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

A pesar de que a lei e o decreto polos que se guía esta programación están actualmente derogados, o curso académico 2022/2023 é considerado como un curso de transición. A programación está realizada seguindo o marco legal citado únicamente para os cursos nos que aínda non se produciu o cambio de lei educativa como é o caso de 2ºEP, 4ºEP e 6ºEP. Para o resto de cursos (Educación Infantil, 1ºEP, 3ºEP e 5ºEP) o marco legal e por ende toda a programación, cambia, e están recollidos nun documento a maiores.

## **2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias chave**

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a

Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo atópanse diferentes elementos que determinan o proceso educativo, entre eles, defínense as competencias chave como un dos elementos prescriptivos non modificables que todas as áreas teñen que traballar.

A Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) tamén fai esa mención baixo o nome de competencias. Polo tanto, pode observarse a importancia e continuidade deste elemento curricular.

No caso da materia de educación artística: educación musical, esta área contribúe ás diferentes competencias da seguinte maneira:

- **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):** A materia de educación artística contribúe de xeito fundamental, ao desenvolvemento da CCL, pois nas clases se realizan actividades comunicativas, moitas delas cunha linguaxe específica do eido. A maiores, no centro, as sesións son impartidas en lingua inglesa, o que contribúe a desenvolver a competencia comunicativa tamén na lingua estranxeira.
- **Competencia Dixital (CD):** A actividade artística realízase, en gran parte hoxe en día, a través de medios tecnolóxicos e TICs. Estes medios serán usados como ferramentas para achegar a música e as danzas ao alumnado pero tamén serán mostrados como posibles ferramentas para crear música.
- **Competencias Sociais e Cívicas (CSC):** na materia de educación musical, cada alumno e alumna traballa a súa propia expresión artística. Na aula, polo tanto, sairán á luz expresións diversas que o resto do alumnado deberá respetar e entender como unha oportunidade de comprender aos compañeiros e compañeiras, así como un momento de enriquecemento mutuo.
- **Conciencia e expresións Culturais (CCEC):** as representacións artísticas son parte inexcusable da cultura dun lugar. Esa cultura darase a coñecer ao alumnado, achegando culturas foráneas e, á súa vez, reflexionando sobre a propia.
- **Aprender a aprender (CAA):** no proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia básica, a referente a aprender a aprender. O currículo axuda ao alumnado a desenvolver esta competencia comezando por

establecer de xeito transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, determinando o que necesitan aprender para acadar eses obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilos.

- **Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIEE):** dentro da materia de expresión artística musical, esta competencia será desenvolvida fomentando a creatividade e imaxinación do alumnado así como a autoestima e confianza nun mesmo. Promovendo que as sesións incorporen elementos de creación de obras propias (tanto con instrumentos, como con danzas) e interpretación musical experimentando así con sons e músicas.
- **Competencias Matemáticas e básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT):** a métrica é un dos compoñentes elementais da música. A medida do compás, as figuras, os pulsos, os acentos... forman parte dunha matemática que se achega máis ao eido musical. A maiores, tamén se traballará o mundo tecnolóxico e musical a través da creación de instrumentos propios e elementos da contorna que poden ser empregados para crear música. Todo isto será integrado nas distintas sesións da materia.

Seguindo o mencionado anteriormente e a modo de resumo, o perfil competencial da materia relacionado cos principais estándares de aprendizaxe avaliáveis queda da seguinte forma:

2º de Educación Primaria						
Perfil competencial e estándares avaliáveis						
CCL	CMCT	CD	CSC	CCEC	CAA	CSIEE
EMB 1.4.1 EMB 1.4.2	EMB 2.1.1 EMB 2.4.3	EMB 1.5.3	EMB 1.2.2 EMB 1.3.2 EMB 1.4.3 EMB 2.1.2 EMB 2.2.1 EMB 3.1.1 EMB 3.1.2	EMB 1.1.3 EMB 1.1.5 EMB 1.3.1 EMB 1.4.2 EMB 1.5.1 EMB 1.5.3 EMB 1.6.1 EMB 2.1.1 EMB 2.2.1 EMB 2.4.3 EMB 3.1.1 EMB 3.1.2	EMB 1.3.2 EMB 1.5.1 EMB 2.1.1 EMB 2.1.2 EMB 2.4.3	

4º de Educación Primaria Perfil competencial e estándares avaliados						
CCL	CMCT	CD	CSC	CCEC	CAA	CSIEE
EMB 1.1.2 EMB 1.2.1 EMB 1.4.2 EMB 3.2.2	EMB 1.2.1 EMB 2.1.1	EMB 1.4.3 EMB 1.5.4	EMB 1.2.2 EMB 1.4.3 EMB 2.1.2 EMB 2.2.2 EMB 3.1.1 EMB 3.2.3	EMB1.1.2 EMB 1.1.5 EMB 1.3.1 EMB 1.4.1 EMB 1.4.2 EMB 1.5.2 EMB 2.1.1 EMB 2.2.1 EMB 3.1.1 EMB 3.2.2 EMB 3.2.3	EMB 1.1.3 EMB 1.3.1 EMB 1.4.1 EMB 1.4.2 EMB 1.5.2 EMB 2.1.1 EMB 2.1.4 EMB 2.3.2 EMB 3.2.2	EMB 1.4.3

6º de Educación Primaria Perfil competencial e estándares avaliados						
CCL	CMCT	CD	CSC	CCEC	CAA	CSIEE
EMB 1.1.1 EMB 1.1.2 EMB 2.3.2 EMB 3.2.2	EMB 1.3.3 EMB 2.1.1 EMB 3.3.1	EMB 2.3.1 EMB 2.3.2	EMB 1.2.2 EMB 1.4.3 EMB 2.1.2 EMB 2.2.6 EMB 3.1.5 EMB 3.1.7	EMB1.1.1 EMB 1.3.4 EMB 2.2.1 EMB 2.2.3 EMB 2.2.4 EMB 3.1.2 EMB 3.1.3	EMB 1.1.2 EMB 2.2.1 EMB 2.2.7 EMB 2.3.2 EMB 3.1.5 EMB 3.1.7	EMB 1.2.2

### 3.- Concreción dos obxectivos de etapa e de ensinanza

A materia de Educación Artística: Música, axuda a acadar os obxectivos xerais de etapa que o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle. Pese a traballarse todos, algúns dos obxectivos están máis presentes nesta área en concreto, como é o caso de desenvolver capacidades para:

*a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.*

*b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.*

*c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.*

*d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.*

*f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. Este obxectivo está relacionado pois a materia é impartida en lingua inglesa.*

*i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.*

*j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.*

*m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.*

*o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.*

A maiores dos obxectivos xerais de etapa, para a materia de música durante a etapa de educación primaria, tamén se establecen unha serie de obxectivos específicos, entre os que se inclúen:

- Estimular o interese pola música e a danza, basándose no uso de elementos motivadores para facer que as aprendizaxes sexan unha experiencia lúdica.
- Recoñecer e empregar vocabulario específico do eido musical, recoñecendo figuras musicais, sons, voces e instrumentos e estilos de baile.
- Recoñecer algunhas das figuras e obras musicais importantes deste eido artístico.
- Usar e tocar diferentes instrumentos musicais de altura determinada e indeterminada, fomentando a importancia do coidado e respecto aos instrumentos.
- Descubrir as posibilidades sonoras do propio corpo e da contorna alumnado, decatándose dos sons e posibles instrumentos que os rodean.
- Ser quen de realizar patróns rítmicos e danzas sinxelas seguindo instrucións e mantendo o ritmo base.

- Educar no coidado da voz e dos oídos.
- Usar a lingua inglesa como ferramenta de comunicación noutros contextos a maiores das sesións de lingua estranxeira.
- Fomentar a curiosidade, creatividade, interese e imaxinación do alumnado.
- Traballar no respecto tanto ás composicións musicais dos compañeiros e compañeiras, como a músicas e danzas procedentes da propia cultura e doutras.

#### **4.- Organización curricular. Concreción dos estándares de aprendizaxe**

O alumnado de Educación Primaria está distribuído en 13 grupos. Porén, unha vez máis, esta programación está destinada a uns cursos específicos, sendo eles os seguintes:

- |                                |                               |
|--------------------------------|-------------------------------|
| ● 2ºA formado por 21 nenos/as  | ● 4ºA formado por 25 nenos/as |
| ● 2ºB formado por 20 nenos/as  | ● 4ºB formado por 25 nenos/as |
| ● 2º C formado por 11 nenos/as | ● 6ºA formado por 21 nenos/as |
|                                | ● 6ºB formado por 22 nenos/as |

Para a organización curricular da materia de educación musical durante a etapa de Educación Primaria tómanse como referencia os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave do decreto-lei, que se pode observar nas seguintes táboas:



ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</li> <li>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</li> <li>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</li> <li>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</li> </ul> </li> <li>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.</li> <li>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.</li> <li>▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.</li> <li>▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.</li> <li>▪ B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.</li> <li>▪ B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.</li> <li>▪ B1.15. Forma musical: repetición e contraste.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.</li> <li>B1.17. Pulso e acento. Compás binario.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaaos por familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.</li> <li>B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dición e coordinación.</li> <li>B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.</li> <li>B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.</li> <li>B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional</li> <li>B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.</li> <li>B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</li> <li>B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</li> <li>B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.</li> </ul>		situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Realizar pequenas coreografías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.</li> <li>EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.</li> <li>EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.</li> <li>B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>d</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.</li> <li>B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.</li> <li>B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</li> <li>EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</li> <li>EMB1.1.3. Coñece, entende e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.</li> <li>B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.</li> </ul>		respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. <ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.</li> <li>B1.7. Acento e pulso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).</li> <li>B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (duo, trío, cuarteto, orquestra e banda).</li> <li>B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.</li> <li>EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.</li> <li>EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>d</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, fricciónada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).</li> <li>B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.</li> <li>B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.</li> <li>EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.</li> <li>EMB1.4.3. Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.</li> <li>B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e representao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> <li>EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.</li> <li>EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</li> <li>EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			realizar tarefas de análise e produción musical.	• CD
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• j</li> <li>• b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.</li> <li>• B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.</li> <li>• B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.</li> <li>• B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.</li> <li>• B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.</li> <li>• B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	• CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>• j</li> <li>• b</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.</li> <li>• B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CCL</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CSC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.</li> <li>▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.</li> <li>▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.</li> <li>▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.</li> <li>▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.</li> <li>▪ B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreálas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d/a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce.</li> <li>▪ B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.	voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.</li> </ul>			

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CD</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.</li> </ul>			

No correspondente á temporalización, os contidos por parte da educación artística musical están moi entrelazados, asegurándose o traballo do bloque 1. escoita, bloque 2. A interpretación musical e bloque 3. A música o movemento e a danza está presente durante os tres trimestres, tendo cada un deles contidos dos distintos bloques e unidades. Polo tanto, a **temporalización** é durante todo o curso escolar.

## 5.- Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será nalgúns puntos, semellante a metodoloxía levada a cabo en educación infantil, sobre todo no referente á coordinación con outros especialistas, unha metodoloxía fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Poñerese especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades. As TIC serán empregadas na aula e promoverase un uso responsable delas. Favorecerase a capacidade de aprender a aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en grupo.

Na aula empregaranse diferentes modelos metodolóxicos, principios metodolóxicos e agrupamentos, entre os que se destacan:

MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
Modelo discursivo/expositivo.	Actividade e experimentación.	Tarefas individuais.
Modelo experiencial.	Participación.	Agrupamento flexible.
Obradoiros.	Motivación.	Parellas.
Aprendizaxe cooperativa.	Persoalización.	Pequeno grupo.
Traballo por tarefas.	Inclusión.	Gran grupo.
Traballo por proxectos.	Interacción.	Grupo interclase.
	Significatividade.	
	Funcionalidade.	
	Globalización.	
	Avaliación formativa.	



A maiores, un elemento importante a destacar na metodoloxía a seguir é a creación dun **fío conductor**: “Musical drops” que mistura elementos da materia de música e danza coa temática da auga e do coidado do planeta. Tómase como referencia este fío conductor seguindo a proposta do proxecto de centro sobre a auga.

Fundamentalmente, nas sesións de música será empregado un enfoque ecléctico e flexible, onde diferentes metodoloxías se combinan empregando diversas técnicas e actividades de aprendizaxe.

## **6.- Materiais e recursos didácticos a utilizar**

Para a materia de educación musical durante a etapa de educación primaria, farase uso da aula de música específica.

Dentro dos recursos que se van utilizar no desenvolvemento e aplicación da materia de educación musical, poden destacarse os seguintes:

**a) Recursos humanos:** mestra especialista da materia, compañeiras e compañeiros do alumnado, familias, profesorado titor e outros docentes, centro e sociedade.

### **b) Recursos materiais:**

- Material fotocopiado de ampliación ou reforzo.
- Vídeos, cancións e outros recursos audiovisuais.
- Presentacións.
- Posters, story cards e flash-cards.
- Instrumentos musicais.
- Panos de baile.
- Libros sinxelos de lectura.
- Ordenador de aula.
- Materiais tanxibles coma xoguetes e outros recursos que se atopen na aula.
- Elementos da natureza.

- Proxector e canón.
- Pizarra da aula na que está instalada.
- Conexión a internet.
- En 5º e 6º de Educación Primaria tamén se contarán con recursos TIC a maiores con motivo do programa E-Dixgal

## **7.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación. Avaliación inicial**

Para levar a cabo a realización da avaliación, durante o mes de setembro e principios de outubro, realizarase unha **avaliación inicial** coa finalidade de detectar os intereses do alumnado no que respecta ao mundo artístico. Esas primeiras tomas de contacto tamén se empregarán para coñecer os seus puntos de partida tanto a nivel lingüístico como a nivel motriz.

A maiores, ao longo de todo o curso levarase a cabo unha **avaliación continua** co fin de apreciar en que medida se acadan os obxectivos propostos e se van desenvolvendo as competencias clave. As características desta avaliación serán: formativa, global, individual e integradora.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global; e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas, establecendo, como referente, indicadores de logro. Así mesmo, teranse en conta aspectos como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades de aula así como o resultado de traballos (individuais e grupais) e probas teóricas e prácticas.

Os **criterios de cualificación** do alumnado están baseados no grao de consecución dos obxectivos, e segundo o grao de desenvolvemento das competencias clave que acadade cada alumno ou alumna obterase unha cualificación de entre as seguintes: Sobresaíente, notable, ben, suficiente e insuficiente. Para a obtención desta cualificación terase en conta:

- Actitude, participación e esforzo (20%).
- Habilidade motriz fina (instrumentos) (20%).

- Habilidade motriz grossa (danza) (20%).
- Producións escritas e orais (sonoras) (25%).
- Coidado do material (10%).
- Creatividade (5%)
- Manexo da L2 (terase en conta na área de Lingua Estranxeira).

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CALIFICACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación directa do traballo diario.</li> <li>• Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación (orais e escritas)</li> <li>• Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</li> <li>• Valoración do avance colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación directa.</li> <li>• Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.</li> <li>• Documentos gráficos e textuais.</li> <li>• Debates e intervencións.</li> <li>• Proxectos personais ou grupais.</li> <li>• Interpretación e dramatizacións.</li> <li>• Elaboración multimedia.</li> <li>• Outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Calificación cuantitativa.</b> Gravacións de clase e fichas escritas.</li> <li>• <b>Calificación cualitativa.</b> Terá como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente ao trimestre.</li> </ul>

No que respecta ás **aprendizaxes imprescindibles** o resumo pódese atopar na seguinte táboa:

Nivel	Aprendizaxes imprescindibles
2º EP	EMB 1.3.1, EMB 1.5.1, EMB 1.6.1, EMB 2.1.1, EMB 2.2.1, EMB 3.1.2
4º EP	EMB 1.3.1, EMB 1.4.1, EMB 1.4.3, EMB 2.1.1, EMB 3.2.2, EMB 3.2.3
6º EP	EMB 1.1.1, EMB 1.2.1, EMB 2.2.1, EMB 2.2.6, EMB 3.1.2, EMB 3.1.3, EMB 3.1.5

## 8.- Medidas de atención á diversidade

Para garantir a atención á diversidade partírase da exploración e avaliación da situación persoal de cada alumno e alumna. A partir dese punto o profesorado

aportará as estratexias de traballo necesarias para realizar o proceso de aprendizaxe. Para isto:

- Os contidos, tarefas e actividades graduaranse según a súa dificultade atendendo á diversidade de capacidades e motivacións do alumnado.
- Combinaranse traballos colectivos e individuais. De xeito que o alumnado se integre no clima e dinámica da clase.
- Terase en conta a finalidade práctica da educación musical.
- Desenvolveranse as accións de axuda e intervención do profesorado que favorezcan a actividades formativas individuais. (Orientadora, titor/a...)

En resumo, as principais medidas de atención serán tres, basicamente, atendendo ó perfil de cada estudante:

- O apoio educativo: consistente en aportar material de traballo extra e específico ós estudantes que o precisen para poder acadar os obxectivos mínimos da materia.
- O reforzo: consistente en ofrecer unha atención individualizada ao alumnado atendendo as súas características, asegurándose de que entende os contidos e prestándolle axuda directa nas actividades prácticas.
- A ampliación de contidos: consistente en aportar un material ampliado sobre os contidos da programación para aqueles estudantes que polas súas características cognitivas así o precisen

Tanto para o posible alumnado con Dificultades de Aprendizaxe como para o posible alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, as adaptacións non significativas centraranse en medidas tales como na secuenciación de contidos, en reforzar as técnicas de aprendizaxe, proporcionar outros tempos e adecuándose ao ritmo de aprendizaxe, e proporcionar unha metodoloxía máis personalizada.

Esto é posible gracias a unha das características metodolóxicas da programación: a súa flexibilidade, sendo, sobre todo unha guía que poderá ser modificada se se considera que beneficia ao alumnado e ao proceso de ensino-aprendizaxe.

## **9.- Concreción dos elementos transversais**

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, na materia de música, traballarase unha serie de elementos transversais como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, o emprendemento, a educación cívica e constitucional, e a prevención da violencia... A maiores, neste centro a materia será impartida en lingua inglesa, co que se traballarán a expresión e a comprensión nunha lingua estranxeira.

En todas as disciplinas de cada curso, sen perder de vista outros contidos e valores:

- *A inclusión de persoas con discapacidade.*
- *A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a non discriminación e prevención da violencia de xénero.*
- *A resolución de conflitos e prevención da violencia en tódolos ámbitos, así coma o racismo.*
- *O desenvolvemento sostible e medio ambiente.*
- *A mellora da convivencia.*
- *A educación vial.*

Todos estes elementos e valores se traballarán por medio da música, fomentando actividades grupais e permitindo a colaboración e o diálogo como medio de resolución de conflitos. Ademais potenciarase a aceptación e o recoñecemento dos demais, favorecendo a tolerancia e o respecto mutuo. Fomentarase a idea da igualdade entre sexos para non crear ningún tipo de discriminación ou violencia relacionada coa condición ou circunstancia persoal, social ou a xenofobia.

## **10.- Actividades complementarias programadas**

A través da materia de Música participárase activamente no desenvolvemento das distintas festividades que se inclúen na orde do calendario escolar e celebracións do centro (Magosto, Nadal, Entroido, Día da Muller, Letras Galegas, Fin de Curso...). E, en especial, nas celebracións referentes á cultura inglesa (Talk like a Pirate Day, Halloween, Easter, St. Patrick's Day, English day...).

No que respecta ás saídas, no momento de redacción desta programación didáctica foron pedidas as saídas aos concertos didácticos organizados por Son Futuro, o programa educativo da orquesta Sinfónica de Galicia.

Esto será revisable e ampliable, buscando saídas e outras actividades musicais que beneficien ao alumnado e á súa aprendizaxe.

## 11.- Avaliación da programación e da práctica docente

Dentro da avaliación da programación didáctica e da práctica docente é preciso mencionar uns **indicadores de logro**, á vez que mecanismos de **revisión, avaliación e modificación** da programación en relación cos resultados.

En primeiro lugar, ao final de cada trimestre farase unha reunión co English Team e co profesorado que imparte Plástica en cada curso. Esta reunión se adicará exclusivamente ao análise dos contidos logrados así coma o desenvolvemento con especial fincapé na metodoloxía.

O alumnado tamén será consultado neste aspecto, de forma que cubran, ao remate do curso escolar, un cuestionario anónimo con preguntas en relación ao traballo de clase, aspectos positivos, negativos, de mellora... Este cuestionario servirá de medidor para a avaliación da metodoloxía, organización do tempo, etc.

A maiores, o profesorado especialista da materia realizará un cuestionario ao longo do curso e non só ao final, avaliando de 0 a 3 distintos aspectos:

### Seguimento da Unidade Didáctica

FACTOR AVALIADO	0	1	2	3
Espértase o interese do alumnado sobre o tema				
Deseñáronse actividades para diferentes tipos de agrupamentos				
Deseñáronse actividades pensando nunha metodoloxía participativa por parte do alumnado				
Os materiais foron suficientes				
Os materiais están actualizados e reflicten a realidade da sociedade (mostrando artistas femeninos e masculinos e de diferentes etnias)				
Atendeuse á diversidade da aula				

Cumpríronse os tempos plantexados				
-----------------------------------	--	--	--	--

(0- Nunca / 1- Poucas veces/ 2- Case sempre/ 3- Sempre)

### Seguimento da Programación

FACTOR AVALIADO	0	1	2	3
<b>Formulación dos obxectivos</b>				
A súa formulación é precisa e concreta				
Diferéncianse obxectivos de acordo coa súa importancia relativa				
<b>Contidos programados</b>				
A disposición dos contidos é a conveniente				
Axústanse ás esixencias das orientacións pedagóxicas				
Seleccionáronse adecuadamente as unidades temáticas				
<b>Formulación de actividades</b>				
Adecúanse ás esixencias dos obxectivos previstos				
Implican procesos de comprensión, análise, síntese e avaliación				
Programáronse en número suficiente para acadar os obxectivos				
Programáronse actividades de recuperación e profundización				
<b>Estimación de tempos</b>				
Estimouse convintemente o tempo necesario para desenvolver cada unidade				
O tempo estimado para cada unha das situacións de aprendizaxe e traballo foi o axeitado				
<b>Previsión de medios</b>				
Previuse a utilización de medios audiovisuais				
Previuse a utilización convinte do material propio da materia				
Previuse a participación do alumnado na elaboración do material				

(0- Nunca / 1- Poucas veces/ 2- Case sempre/ 3- Sempre)